

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº84/ Ano: 2024 / 1º xornal Mes de abril/ Estado de remate cuarto libro

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



Luis Rei, homenaxeado no  
Quinteiro de Temperán.  
Páx. 1



## Contos de Taberna

Este ano moitos barcos, por causa da meteoroloxía, fondearon á capa fronte Ons. Disque Parques quixo aproveitar a ocasión para, cun deles, unir Ons e Onza. Páx. 1



Desaparecen da paisaxe  
os postes da luz entre  
Curro e Pereiró. Páx. 3



Sala arqueolóxica no Centro de  
Visitantes. Páx. 4



O Ateneo de Pontevedra organiza a 3ª  
proxección do documental "A última dorna  
de Ons". Páx 2



Nova ruta Arqueolóxica. Ruta dos  
Múrices. Páx 5



Carta de Antón Mascato sobre  
Aunios en Facebook.  
Páx. 8

Presentación do nº 29 de  
Aunios en O Grove. Páx. 7



Jacobó Fernández, alma mater de  
Insuíña, nomeado Biólogo do Ano.  
Páx. 6


## Breves:

- Acondicionamento de Curro. Páx. 3
- Eventos gastronómicos en Ons. Páx. 3
- Espazo etnográfico Páx. 5
- Curiosidades nas veciñas Cíes. Páx. 6
- Contos de Furancho. Páx. 9
- Cans na Illa? Páx 10
- Francisco do Cro. Páx. 10



### QUINTEIRO DE TEMPERÁN

O pasado venres (5/04/2024), no Quinteiro, homenaxearon a Luís Rei Núñez. Correu a cargo do profesor Emilio Insua que fixo un percorrido pola súa vida e obra. Luís Rei foi un gran intelectual, fundador da Federación Galega da Cultura Marítima, primeiro director da revista Ardentía, Bibliotecario en Cambados,..., e o maior experto sobre a obra de Ramón Cabanillas.



No mes de maio de 2015 vía a luz o nº 20 da revista cultural AUNIOS. Para a súa presentación, pensamos en **Luís Rei** que aceptou de xeito inmediato, aínda que estaba a pasar por uns malos momentos por mor dunha grave enfermidade que, desgraciadamente, levouno no mes de agosto dese ano. Houbo un cheo na Sala das Cunchas do concello de O Grove, e como anécdota dicir, que foi o único presentador que, con só 4 días para ler a revista e preparar a súa charla, veu sen ningún tipo de “chuleta”, abriu a revista polo índice e falou de cada un dos artigos dun xeito claro, preciso, con humor e deixando sempre no aire esa incógnita de cada un que animaría á súa lectura.

Tamén participou en AUNIOS cun artigo no nº 18 titulado: “Ramón Cabanillas e o mar de O Grove”:

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/18/01\\_Ramon\\_Cabanillas.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/18/01_Ramon_Cabanillas.pdf)

Sobre a vida e obra de Luís Rei xa falou Antón Mascato no nº 26 de Aunios: <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/26/05-Luis-Mascato.pdf>

O que si, quero unirme á petición de todo o pobo Meco para que se lle brinde unha sincera homenaxe na súa terra natal, O Grove.

### Fotos:

**Arriba esquerda:** Luís Rei, no centro, na presentación de Aunios nº 20.

**Arriba centro:** Sala chea o día da presentación.

**Arriba dereita:** Portada da revista.

### CONTOS DE TABERNA (7 ao 9/04/2024)



Estaban pola tardiña a xogar a partida na taberna <Cani Praia> en Bascuas, cando un dos xogadores, todos de Noalla e emparentados cos veciños de Ons, veu como un barco de gran porte ía poñéndose entre Onza e Ons, pola Lobas. Saíron ao exterior e comprobaron que era certo.

Nun principio non lle deron importancia, aínda que sabían que Parques estaba coa teima de unir as dúas illas do arquipélago. Seguiron coa partida e, xa de noite, marcharon vendo o resplandor das luces do enorme barco.

Pola mañanciña, decatáronse. O barco estaba case en posición, para unir as illas.



Todo un acontecemento, ver Ons e Onza unidas por un enorme barco-ponte de máis de 200 metros de eslora, cuxo nome era: **GPO EMERALD**.

A ilusión era enorme, poder achegarse por fin ata a pequena Onza, visitar as súas praias virxes, coñecer máis de preto a súa historia marítima co afundimento de barcos tan importantes como o Barsac e o Ciclope. ...

Pero todo foi un espellismo, pronto colouse entre o continente e a illa de Onza, provocando así o poder visualizar o tan ansiado **eclipse**, que só dicían se vería en México, Estados Unidos e Canadá.

# 3ª PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL “A ÚLTIMA DORNA DE ONS”

**ATENEO DE PONTEVEDRA**  
e **MUSEO DE PONTEVEDRA**

aprécense en convidado/a á proxección do documental:

**A última dorna de Ons**  
De **Anxo Cabada** (fotógrafo) e **Antón Davila** (músico e produtor audiovisual)

O acto, no que intervirán **Xaime Toxo** (escritor, presidente do Ateneo de Pontevedra), **Anxo Cabada** e **Antón Davila**, terá lugar o vindeiro xoves 11 de abril de 2024, ás 19 horas, no salón de actos do Edificio Castelao do Museo de Pontevedra (rúa do Padre Amodeo Carballo, 3)

Entrada libre ata completar capacidade



Antes de nada quero agradecer a **Anxo Cabada** e a **Antón Davila** a súa disposición e profesionalidade para levar a cabo este documental, dende logo moi necesario para dar un paso adiante e coñecer a importantísima Cultura Popular desta Comunidade Auniense que sufriu, a carón dun illamento xeográfico e institucional durante case dous séculos, outro investigador, que trouxo consigo que o riquísimo Patrimonio Material e Inmaterial auniense, se non desapareceu xa, estea a piques de facelo e quede esquecido para sempre. Estas iniciativas aínda poden salvarlo.

**GRAZAS e PARABÉNS polo voso traballo.**

Durante case 150 anos, Ons estivo illada. Os contactos co continente eran esporádicos e a falla de servizos básicos provocou o nacemento dunha cultura de subsistencia que trouxo consigo unha riquísima cultura popular, onde a necesidade obrigaba a buscar fórmulas para saír adiante. A medicina popular, a bruxería, os mitos, supersticións, contos, lendas,..., xunto coas fases da vida, os costumes, as festas,..., a toponimia, os alcuños,..., e o illamento, fixeron de Ons un lugar único en mitoloxía e tradicións que, por desgraza ata o de hoxe, ningún investigador estudou en profundidade. Coa emigración forzosa que sufriron pola falla dun porto de abrigo e o contacto cunha nova forma de vida no continente, fixo que, paseniñamente entre os anos 60 e 70 do s.XX, se fora perdendo esa importante cultura e, a partires dos 80 a pasos de xigante, a cultura popular auniense, forxada e moldeada durante case dous séculos, hoxe estea esquecida e a piques de esmorecer.




Candiño, un auniense cunha enorme experiencia vital na Illa. Gran mariñeiro, o mellor pescador de polbos coas artes tradicionais, contador de historias,..., destinado no Ebro durante a Guerra Civil,..., e que tantas veces veu e loitou coa Santa Compañía. Sería ese home a entrevistar, do que un investigador sacaría o máis notable do Patrimonio Inmaterial Auniense.



Valedores do documental: Dende a esquerda **Xaime Toxo**, presidente do Ateneo, **Anxo Cabada** responsable do documental, **Tinón** aportando idea e documentación, **Antón Davila** responsable técnico.

Non podía esperar máis, era o momento crucial. Despois de 100 dornas en Ons nos anos 50 s.XX, agora **só unha** a **<Carmen>**. Mariñeiros aunienses dunha certa idade pero coa vitalidade dun de 20, **un só**, **Cesáreo**. Auniense que tivera como berce unha dorna, aprenderá todo nela e que a súa vida estivera ao seu redor, hoxe, **só un**, **Cesáreo**. Auniense que aos seus 81 anos saiba todo sobre o mar de Ons e que traballara na pesca do polbo empregando as artes tradicionais, **un só**, **Cesáreo**. De non facerse agora, non podería realizarse endexamais dun xeito real, por iso, despois de pasar por momentos moi complicados, este Documental ten un valor patrimonial moi importante. Pode ampliarse, só faltan ganas da administración.



**Cesáreo**, protagonista clave do documental. Sen el, sen a súa dorna **<Carmen>** e sen os seus coñecementos, sería imposible realizalo. **Páx. 2**



**Desaparecen os postes de luz entre o barrio de Curro e Pereiró**

Con moi bo criterio, Parques tomou a decisión de soterrar o tendido eléctrico, nun principio, entre estes dous barrios da Illa, aínda que esperamos o faga extensivo en anos sucesivos, aos demais, e así evitar ese impacto visual-paisaxístico que nada favorecía a un Parque Nacional.

**Acondicionamento da zona de Curro a realizar pola Axencia de Turismo de Galicia**

Vemos dous magníficos carteis no muro da baixada de Curro ao peirao. Esa obra era xa para comezar en setembro de 2023. Supoñíamos que esperarían a outubro, pero pasaron os meses e, ata agora, só puxeron eses carteis, pero a obra sen comezar. Chegará a facerse? Os veciños xa o dubidan e, os que estamos interesados no devir da Illa, tamén. Os políticos galegos esixen ao goberno central, pero non se esixen a eles mesmos o cumprir as promesas.



**EVENTOS GASTRONÓMICOS NA ILLA DE ONS**

Se no mes de febreiro triunfaron co cocido e a ruta guiada, agora, este pasado fin de semana coa *Degustación do Polbo* en diferentes variedades, foi todo un éxito, tanto o sábado 13 como, aínda que con menos afluencia, o domingo 14 de abril. Estas ideas son un xeito de desestacionalizar o turismo en Ons, que deberían estar complementadas con Rutas guiadas organizadas polo propio Parque Nacional.

VIAJE + RUTA GUIADA + MENÚ COMPLETO

**COCIDO GALLEGO**  
EN CASA ACUÑA - ISLA DE ONS

DOMINGO 4 FEBRERO - DESDE BUEU

EL MENÚ INCLUYE:

- SOPA
- COCIDO GALLEGO
- BEBIDA
- POSTRE Y CAFÉ

• HORARIO:  
• IDA: 11:00H  
• REGRESO: 17:00H

ADULTOS: 40 € - NIÑ@S: 20€

[www.piratasdenabia.com](http://www.piratasdenabia.com) 986 32 00 48

JORNADAS GASTRONÓMICAS  
**DEGUSTONS**  
EN LA ISLA DE ONS - 2024

Sábado 13 y domingo 14 de abril

**MENÚ DEGUSTACIÓN**  
Pulpo a 5 preparaciones

- Pulpo al estilo "Ons"
- Pulpo a la brasa
- Pulpo encebollado
- Alubias con pulpo
- Ensaladilla de pulpo

con bebida + postre + viaje en barco

40€ adultos - 20€ niño@s\*

Salida desde Bueu: 10:30  
Regreso desde la Isla: 17:30

PLAZAS LIMITADAS  
RESERVA EN [WWW.PIRATASDENABIA.COM](http://WWW.PIRATASDENABIA.COM)  
O LLAMANDO AL 986 32 00 48

PIRATAS DENABIA MARINERA PULPO DE ONS PESCA ARTESANAL DE GALICIA

## SEGUIMOS COA VISITA DO DOMINGO 14 DE ABRIL

Ese fin de semana (13-14/abril/2024) aproveitando os días solleiros, haber barco de pasaxe e o evento da Degustación de Polbo, trouxo un bo número de persoas a Ons. O sábado 13, abriu o Centro de Visitantes e, segundo podemos saber, tamén Parques organizou unha visita guiada pola Illa con percorrido pola nova *Ruta dos Múrices*.



### ONS ARQUEOLÓXICA. Visita á Sala de Arqueoloxía do Centro de Visitantes da Illa de Ons (14/04/2024)



### SALA ARQUEOLÓXICA DO CENTRO DE VISITANTES DE ONS

O domingo 14 acheguei-me ata Ons e co permiso do Director do Parque, o que lle agradezo, puiden visitar o Centro de visitantes e as salas Arqueolóxica e a Etnográfica. Coido que foi un grande acerto por parte de Parques a creación desta Sala, xa que coido o Castro dos Mouros e a salga romana van a dar moitas sorpresas a medida que se vaia escavando e a súa exposición na propia Illa é moi importante para concienciar do valor histórico e cultural que ten esta illa.

Con moi bo criterio, deixaron espazos para posteriores incorporacións e todo o alí exposto está perfectamente documentado grazas ao asesoramento do arqueólogo Adolfo Fernández que xunto ao seu equipo leva o peso das escavacións que, como dixeron, van a comezar de novo neste próximo mes de maio.

A sala dedicada á Etnografía está en período de montaxe, aínda que xa ten a Dorna Elvira e varios paneis explicativos. A *modo de suxestión* penso que enriba da dorna poderían poñerse aparellos dos empregados para a pesca do polbo: Rañas, cotelos, liñas, bicheiro, espello, estronca,..., e ata, de poder ser, montarlle unha vela. Tamén non estaría de máis un panel coas partes da dorna, das que habería que investigar se na illa algunha delas ten un nome diferente ás da zona da Ría de Arousa.



### ESPAZO ETNOGRÁFICO (14/04/2024)

Como dicía, a carón da sala arqueolóxica está o espazo etnográfico. A dorna ocupa o centro da sala, e aínda está sen preparar o seu contido que espero, como fixeron co arqueolóxico, busquen asesoramento para desenvolvelo cos materiais adecuados. Noutra zona do Centro hai unha serie de utensilios moi interesantes e que formaron parte da vida auniense, sobre todo moas de muíño, chaves para xogos populares, bebedoiros de animais de pedra,..., e outros que, mentres non se monta de xeito adecuado esta sala, poden estar expostos nela cunhas pequenas notas explicativas. Xa como remate, dicir que houbo unha boa limpeza de todo o Centro, sobre todo das zonas expositivas e que a sala de conferencias, exposicións,..., quedou mi ampla para realizar actividades culturais. PARABÉNS

### A RUTA DOS MÚRICES (14/04/2024)



Neste punto de Canexol, sería necesario un sinal que indique a subida cara ao Castro.



Interesante esta Ruta que vén a substituír á que, no seu momento, realizou o concelleiro de Medio Ambiente, Adrián Ferrer, (O único do Grupo de Goberno de Bueu que en moitos anos fixo algo pola cultura de Ons) sobre a Ons Arqueolóxica. Os paneis interpretativos son moi didácticos en cada zona. Esperamos que os vándalos no actúen e que duren toda a tempada de verán (Eu recomendaría quitálos, todos os anos, de novembro a abril para evitar o seu deterioro invernal polas inclemencias meteorolóxicas).

Se hai que poñer algún pero, ollo, polo visto nesa fin de semana, pois quizais o poñan a partires de maio, é que, onde se atopa o lavadoiro de Canexol, mesmo na subida cara o Castro, non poñan un sinal que o anuncie para que as persoas interesadas saiban por onde subir para ver as construcións do Castro dos Mouros.

Comentaron, tanto o Director do Parque como o propio Adolfo Fernández, arqueólogo responsable das escavacións, que comezarán de novo na última semana de abril e que se prolongarán ao longo de todo o mes de maio. Esperemos que os resultados sexan satisfactorios e non renunciemos a que, no mes de xullo, o Equipo de Arqueólogos, capitaneado por Adolfo Fernández, dean, polo menos unha, charla informativa no Centro de Visitantes sobre os importantes e produtivos traballos realizados neste Castro dos Mouros de Ons

## CURIOSIDADES NAS VECIÑAS CÍES



O noso correspondente na ría de Vigo e Cíes, Alvarito, non para de atopar cousas raras.

Segundo as súas palabras, atoparon “engrechado” unha cortiza nunha zona percebeira, e o curioso é que, na propia cortiza, creceron uns percebes excelentes, como dirían no Grove, do <Primeiro Mío>. Normalmente nestes desperdicios de aparellos de pesca soen crecer outro tipo de percebes coñecidos como Lepas anatífera, ou falso percebe, non comestible, dos que xa temos posto exemplos noutros números de Onstopus, pero non do percebe auténtico, Pollicipes pollicipes.

Tamén mandounos uns exemplares de medusas veleiro ou veleiriñas, Velella velella, que a principios de abril apareceron en grandes cantidades polas praias da costa galega. Menos mal que non son venenosas, como as medusas carabela, Physalia physalis, senón ao noso Alvarito íalle a quedar boa a man.

O que si é impresionante é o exemplar de abadexo, Pollachius pollachius, que pescou na ría e que chegou a pesar máis de 5 Kg. Parabéns para el. *Que boa Caldeirada daría, carallo!!!*

## DOUS NOMES PROPIOS



**EDUARDO**, coñecido en Ons como “*O Gardajurado*”

Pois ben, seareiro do Athletic de Bilbao e, como bo vigués, do Celtiña, acudiu o pasado 6 de abril a presenciar a final da Copa do Rei. Despois de gañar o seu equipo, todos os xogadores dedicáronlle o trofeo e permitiron que se fotografara con el.


Parabéns para o equipo e para o seu seareiro.



O noso amigo, colaborador de AUNIOS e que presentou o nº 28 desta revista o ano pasado, **Jacobo Fernández**, foi nomeado polo Colexio Profesional de Biólogos de Galicia: **BIÓLOGO DO ANO**.

**Parabéns** para este gran profesional que foi considerado como: <O Pai da Acuicultura do Rodaballo en Galicia>.

# Presentación da revista cultural **AUNIOS n° 29**



Cartel anunciador do evento.

Antonio Folgada, da agrupación musical “Os Firrás”, amenizou co seu acordeón o inicio da presentación.



Comeza o evento tomando a palabra o presidente de Pineiróns, Tino Pardellas. No centro Alfredo Fernández (Presentador) e á dereita, Pepe Taboada, Secretario de Pineiróns.



Público asistente á presentación e que encheu a Sala das Cunchas do Concello de O Grove. Ao final entregáronse, de xeito gratuito, exemplares da revista aos presentes.

Fotos: Todogrove. Ramón Álvarez García.



ANTÓN MASCATO. FACEBOOK. 19 DE ABRIL DE 2024

## Anton Mascato

**AUNIOS, 29.**

*Non sei cantos son os anos que levo colaborando coa revista AUNIOS que edita a Asociación Cultural PineirOns, mais son moitos...*

*Comecei cando aínda era un serio mestre (o único ao que a rapazada rabuda lle facía caso só con mirar para eles fixamente) no Colexio Público Rosalía de Castro, o pontevedrés Celestino Pardellas, Tinón, que se xubilou nese centro do Grove hai xa varios anos, sendo daquela e agora o piloto desta nave que navegou sempre contra as mareas adversas.*

*AUNIOS é un milagre cultural, unha fonte de auga fresca que anualmente renova os seus contidos sen saír da liña editorial que marcaron os seus responsables: monolingüe en galego, artigos centrados na illa de Ons e nas (case) illas dos Groves, San Vicente e San Martiño, e no resto do arquipélago da Ría de Arousa, con Sálvora, Louxo, Rúa, Pombeiro, Tourís, Arousa..*


*E Tambo e San Simón que nos levaron a outros mares as mareas vivas de noutrora e que calquera día esiximos a súa devolución á nosa beiramar (home non...).*

*Traballos de xeografía, economía, literatura, ciencia, botánica, aves, natureza, ecoloxía, cultura popular, arte, etnografía, artesanato, tradición, gastronomía, urbanismo, mar, turismo... non hai nada que non teña encaixe nesta revista transversal, aberta, plural e de enorme interese para as comunidades humanas nas que se centra.*

*Sería moi longa a listaxe de persoas que asinan traballos nesta publicación, e mesmo pode parecer inxusto citar a uns e unhas e non a outras persoas non menos valiosas, mais como conto de memoria sen ter diante calquera dos números publicados, voume arriscar comezando por pedirlle desculpas a quen non mencione: Xoán Antonio Pillado, Lino Pazos, Tinón Pardellas, Emilio Insua, Eduardo Parada, Lolita Aguín, Xosé Fuentes Castro, Cosme Damián Romai, Avelino Ochoa, Xan Caneda Gonzalez, Manolo Parada, Luís Rei, Fernández Soutullo, Patricia Arias Chachero, F. Meis, Jacobo Fernández, Moncho Lavandeiro, Miguel Besada, José Taboada, Xulio Pardellas... e outros e outras ata completar medio cento de nomes.*


*Xa digo, un luxo que hoxe acada o seu número 29 e que presentan Tinón Pardellas e José Taboada, na Sala das Cunchas do Concello do Grove, no Corgo, ás 20.30 horas da tarde. Para a ocasión exercerá de introdutor co seu maxisterio intelixente, o emprendedor e adiantado en tantas cousas, Alfredo Fernández Prieto, un acto que aconsellamos, no que nunca falta a boa música de Antonio Folgada.*

*Medre pois a revista AUNIOS, cando menos outros trinta números máis, porque aínda nos faltan moitas referencias bibliográficas nas que alimentar a intelixencia e o coñecemento.*



No nome de todos os que facemos posible esta modesta angueira cultural que é **AUNIOS** quero agradecer a Antón as súas palabras e, á vez, a todos os que colaboran na revista, incluídos os anunciantes, darlles as grazas pola súa participación desinteresada. Aínda, como di Antón, que son moitos os que interveñen na revista e sería a lista longa, non quero deixar atrás a persoas importantes dentro da cultura galega que axudaron coas súas colaboracións como: Calo Lourido, Alonso Romero, Aparicio Casado, Cabeza Quiles, Estanislao F. de la Cigoiña, Mörling,... A todos **GRAZAS**

Tinón





### **CONTOS DE TABERNA, máis ben de FURANCHO**

***O Grupo Musical mundialmente famoso “As Pécoras Difuntiñas Furancheiras”  
Actuarán en Ons nas Festas de San Xaquín***

O grupo musical máis famoso do planeta, “[As Pécoras Difuntiñas Furancheiras](#)”, despois de actuar en salas tan prestixiosas como: A Escada de Milán, na Royal Jol do Alberto de Londres, na Caverna de Liverpool, e ultimamente no Madisón Squar Garden da Siradella, achegáronse a un furancho da zona de Bordóns (Sanxenxo) e non puxeron impedimentos para fotografarse diante dun nutrido grupo de exaltadas fans rendidas aos seus encantos, <musicais>.

Aproveitando a ocasión, propuxéronlle unha actuación na *Illa de Ons*, o día da *Festa de San Xaquín* e, ante tal honra, non dubidaron en anular o concerto que tiñan programado para eses días de agosto no Concert-g-Vou de Amsterdám e poñerse ás ordes da Comisión de Festas para programar todo o evento.

Ter en conta que dous dos membros do Grupo eran asiduos visitantes da praia “nudista” de Melide e teñen grandes recordos dela e, aproveitando o concerto, as miles de persoas que asistirán e a impresionante cantidade de medios que se darán cita en Ons, reivindicarán que Melide volva ser unha Praia Nudista.

**NOTA IMPORTANTE:** Cando se fixo pública a foto, correu o rumusmús, pola súa fasquía, que os integrantes dese coñecido Grupo eran uns importantes persoeiros de O Grove.

Temos que dicir que **NON**, todo parecido con eses galáns mecos, é pura coincidencia.



**SI OU NON, CANS EN ONS**

**Detalles da Veciñanza**

Hai xa uns anos que varios aunienses dirixíronse a min para que protestara porque os cans eran parte da familia e, sen embargo, non os deixaban levar á Illa. Daquela, díxenlles que ese era un tema que deberían expor á Asociación Veciñal e que esta, xunto cun escrito asinado por todos os veciños que tiveran can e quixeran traelo no verán á Illa, fixeran saber á administración que xestiona Ons, as súas reivindicacións sobre esa cuestión.

Non sei se o fixeron ou non daquela, penso que non, pois hai pouco de novo, volveron a dicirme, por unha pequena nota que sacara en Onstopus polo nova lei de benestar animal, que habería que protestar por iso.

Pois ben, dígolles que, despois de ver a nota de prensa do Presidente da Xunta cunha tenra foto con dous cachorros e dicindo que: “*Los animales de compañía mejoran la vida de las personas*”, que volvan a expoñerllo á Asociación Veciñal e que por escrito e presencialmente fagan chegar ao Presidente de Xunta as súas reivindicacións e así comprobar se as súas palabras non eran mera política.

<https://www.farodevigo.es/arousa/2024/04/19/rueda-caan-meis-animales-compania-101251468.html>


**Foto: Iñaki Abella (Faro de Vigo)**



**PEQUENA SUXESTIÓN**

Na miña fugaz viaxe do día 14 de abril pola Illa, puiden comprobar que no barrio de Canexol, á altura de onde se atopan os restos da salga romana, vemos, a menos de 50 cm., do camiño de rodeiras e a nada do cantil sobre a praia, que o pasamáns que serve para protexer e, á vez, informar do perigo de caída, está tirado, o que pode provocar que, nun despiste, alguén poda caer polo cantil, tendo en conta que, entre xullo e agosto, van pasar por ese espazo máis de 200 nenos do Campamento que Xuventude monta no barrio de Pereiró e que, si ou si, teñen que pasar por aí.

Espero que pronto o arranxen.



**FRANCISCO DO CRO**

Aquí o temos, Francisco da Casa Grande de Canexol, ou, Francisco do Cro, un dos grandes mariñeiros que pariu esta illa de Ons. Con el cheguei á Illa no ano 1975. Con el pasei moitas horas no mar, durmindo no propio barco, axudando a desmaiar peixes ou baleirar nasas. Moitas horas na súa casa contándome historias, xantando ou ceando eses peixes frescos que traía do mar, fritos pola súa muller, Rosaria, acompañadas daquelas patacas da Illa á que lles botaba por riba o aceite de fritir o peixe.

Que festas no seu local, que era bar e os sábados unha especie de discoteca. .... E un mundo de cousas máis que algún día contarei de vagar.

Pois ese día 14 de abril, levei a alegría de mirado no barco de pasaxe, camiño da illa despois de máis de 10 anos que non o vía. Moitos recordos dos que charlamos durante a travesía. *Foto arriba: Francisco no Cro ano 1980. Abaixo: Francisco abril 2024.*